



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 235 · Mércores, 11 outubro 2017

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- Resolución da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2017 (2ª convocatoria)..... 2
- Formalización do contrato de subministración de ligante C65B2 con destino ás brigadas da Excma. Deputación Provincial de Ourense durante o ano 2017 na zona oeste da provincia, expediente 66/2016 ..... 3

#### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

##### Consellería de Economía, Emprego e Industria Xefatura Territorial de Ourense

- Información pública da petición de autorizacións administrativas previa e de construción da instalación eléctrica no concello de Ourense (n.º expediente: IN407A 2017/24-3)..... 4
- Información pública da petición de autorizacións administrativas previa e de construción da instalación eléctrica no concello da Veiga (n.º expediente: IN407A 2017/22-3) ..... 4

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Cortegada

- Exposición pública da aprobación provisional da conta xeral correspondente ao exercicio 2016..... 5

##### Laza

- Exposición pública do Plan de acción municipal ante o risco de incendios forestais, do Concello de Laza..... 5

##### Leiro

- Aprobación definitiva dos regulamentos municipais de acceso e de réxime interno do Centro de Día de Maiores de Leiro ..... 6

##### Muíños

- Exposición pública do padrón tributario da taxa polo servizo de distribución da auga e canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao 2º cuatrimestre 2017 ..... 21

##### Viana do Bolo

- Convocatoria para a elección de xuíz de paz substituto ..... 22

#### V. TRIBUNAIS E XULGADOS

##### Xulgado do Social n.º 2 de Ourense

- Notificación de resolucións a José Ramón Costa Formoso nos autos de execución de títulos xudiciais n.º 112/2016..... 22

#### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- Resolución de la convocatoria del concurso para la concesión de subvenciones a entidades deportivas y entidades sin ánimo de lucro para la organización de eventos deportivos 2017 (2ª convocatoria) ..... 2
- Formalización del contrato del suministro de ligante C65B2 con destino a las brigadas de la Excma. Diputación Provincial de Ourense durante el año 2017 en la zona oeste de la provincia, expediente 66/2016 ..... 4

#### III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

##### Consellería de Economía, Empleo e Industria Xefatura Territorial de Ourense

- Información pública de la petición de autorizaciones administrativas previa y de construcción de una instalación eléctrica en el ayuntamiento de Ourense (n.º expediente: IN407A 2017/24-3) ... 4
- Información pública de la petición de autorizaciones administrativas previa y de construcción de una instalación eléctrica en el ayuntamiento de A Veiga (n.º expediente: IN407A 2017/22-3) .... 5

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Cortegada

- Exposición pública de la aprobación provisional de la cuenta general correspondiente al ejercicio 2016 ..... 5

##### Laza

- Exposición pública del Plan de acción municipal ante el riesgo de incendios forestales, del Ayuntamiento de Laza..... 5

##### Leiro

- Aprobación definitiva de los reglamentos municipales de acceso y de régimen interno del Centro de Día de Mayores de Leiro ..... 13

##### Muíños

- Exposición pública dd el padrón tributario de la tasa por el servicio de distribución del agua y canon del agua de la Xunta de Galicia correspondiente al 2º cuatrimestre de 2017 ..... 21

##### Viana do Bolo

- Convocatoria para la elección de juez de paz sustituto ..... 22

#### V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

##### Juzgado de lo Social n.º 2 de Ourense

- Notificación de resoluciones a José Ramón Costa Formoso nos autos de ejecución de títulos judiciales n.º 112/2016 ..... 23



## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

#### Anuncio

Para os efectos oportunos, publícase o texto íntegro do acordo que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial adoptou na sesión que tivo lugar no día da data e que se transcribe a continuación:

Resolución da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2017 (2ª convocatoria)

No Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 12.00 horas, o día 30 de agosto de 2017, reuniuse a Comisión de Valoración do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2017-2ª convocatoria (cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP n.º 263, do 16 de novembro de 2016). Na dita sesión formulouse proposta provisional do concurso.

Con data 5 de setembro de 2017, someteuse esta proposta provisional de resolución a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 84 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación e coa base sexta da convocatoria.

Durante o prazo concedido non se presentou ningunha alegación polo que, de acordo co disposto na base sexta das que regulan a convocatoria, a proposta provisional considérase definitiva.

Baseándose no anteriormente exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º) Excluir da valoración e, en consecuencia, denegarles a concesión de subvención ás seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

1.1.- Por non considerarse prácticas deportivas federadas, senón xogos infantís. A convocatoria define como evento deportivo aquelas “actividades físico-deportivas de carácter específico e puntual, que impliquen a práctica de disciplinas deportivas reconecidas polas federacións deportivas.”

AVV “San Xosé” de Vista Hermosa; G32133035; Yincana Infantil-Vista Hermosa

1.2.- Por non tratarse dun evento, senón dunha actividade formativa. A convocatoria establece na base 1ª-3 que: “quedan excluídas expresamente da convocatoria, as seguintes actividades:

Base 1ª-3-d) Aquelas actividades que excedan da duración propia dun evento deportivo puntual, tales como campus deportivos, campamentos de verán, ligas ou outros que poidan ter a consideración de programas deportivos.

Base 1ª-3-e) Actividades de carácter formativo ou divulgativo. Club Deportivo Velle; G32147761; Campus de fútbol CD Velle (2ª edición)

2º) Aceptar a renuncia á solicitude de subvención presentada polo Club Natación Pavillón Ourense, para o evento Winnerman 2017.

3º) A concesión, conforme coa valoración efectuada, das subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

Entidade solicitante; CIF; Actividades; Subvención  
Pulpo Extreme Club Deportivo; G32475121; Deportivo Pulpo Extreme II edición; 4.610,48 €

Club Deportivo Open; G32321325; OHF 2017; 1.750,00 €  
CDC Santa Teresita; G32227043; II Torneo Internacional f7 e fase previa; 2.596,54 €

Club Ciclista ADC Os Mosqueteiros; G32477804; VII Ruta CC Os Mosqueteiros, Bike Trail; 1.710,00 €

Club Ximnasia Escola Pavillón; G32346751; XI Torneo Nadal de Ximnasia 2017; 1.500,00 €

Pádel Prix; G32451650; III Torneo BMW-Autogal Padelprix; 1.599,90 €

Sociedade Dep.Cultural Arrabaldo; G32278541; IX Torneo “Manolo Arnoia”; 1.019,26 €

Pabellón Ourense Club de Fútbol; G32300790; XXV Torneo Nadal Prebenxamín Fútbol 8; 473,00 €

Pabellón Ourense Club de Fútbol; G32300790; XXV Torneo Nadal Benxamín Fútbol 8; 473,00 €

Centro de Tiro Olímpico Eiroás; G32019077; Gran Trofeo Tiro Prato Ourense Prov.Termal; 612,00 €

Black kick Competición; G32351058; 4º Trof.Kickboxing “Ourense Cidade Termal”; 576,00 €

Federación Galega de Bolos; V36650133; Torneo Provincial de Ourense; 476,00 €

AVV “San Xosé” de Vista Hermosa; G32133035; Andaina Solidaria (A favor de AODEM); 314,56 €

AVV “San Xosé” de Vista Hermosa; G32133035; Duatlón Vistahermosa; 220,00 €

Asociación Xuvenil Amencer; G32025405; IV Andaina Solidaria Campamento Urbano; 220,00 €

Total; 18.150,74 €

Contra este acordo, pode interperse, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos os recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo no BOP.

Non obstante o anterior, poderá interperse calquera outro recurso que se estime pertinente.

Ourense, 22 de setembro de 2017. O presidente.

### Diputación Provincial de Ourense

#### Anuncio

A los efectos oportunos, se publica el texto íntegro del acuerdo que la Junta de Gobierno de esta Diputación Provincial adoptó en la sesión celebrada el día de la fecha y que se transcribe a continuación:

Resolución de la convocatoria del concurso para la concesión de subvenciones a entidades deportivas y entidades sin ánimo de lucro para la organización de eventos deportivos 2017 (2ª convocatoria)

En el Pazo Provincial de la Diputación de Ourense, a las 12:00 horas, el día 30 de agosto de 2017, se reunió la Comisión de Valoración del concurso convocado por la Deputación Provincial de Ourense para la concesión de subvenciones a entidades deportivas y entidades sin ánimo de lucro para la organización de eventos deportivos 2017-2ª convocatoria (cuyas bases y convocatoria fueron publicadas en el BOP n.º 263, de 16 de noviembre de 2016). En dicha sesión se formuló propuesta provisional del concurso.

Con fecha 5 de setiembre de 2017, se sometió esta propuesta provisional de resolución a trámite de audiencia por período de diez días hábiles, de conformidad con lo establecido en el artículo 84 de la Ley 30/1992, de Régimen Jurídico de las



Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, con el artículo 7 de la Ordenanza General de Subvenciones de esta Diputación y con la base sexta de la convocatoria.

Durante el plazo concedido no se presentó ninguna alegación, por lo que, de acuerdo con lo dispuesto en la base sexta de las que regulan la convocatoria, la propuesta provisional se considera definitiva.

En base a lo anteriormente expuesto, y de conformidad con la propuesta formulada, la Junta de Gobierno, por unanimidad, adopta el siguiente acuerdo:

1º) Excluir de la valoración y, en consecuencia, denegar la concesión de subvención a las siguientes solicitudes, por los motivos que se indican:

1.1.- Por no considerarse prácticas deportivas federadas, sino juegos infantiles. La convocatoria define como evento deportivo aquellas "actividades físico-deportivas de carácter específico y puntual, que impliquen la práctica de disciplinas deportivas reconocidas por las federaciones deportivas..."

AVV "San Xosé" de Vista Hermosa; G32133035; Yincana Infantil-Vista Hermosa

1.2.- Por no tratarse de un evento, sino de una actividad formativa. La convocatoria establece en la base 1ª-3 que: "quedan excluidas expresamente de la convocatoria, las siguientes actividades:

Base 1ª-3-d) Aquellas actividades que excedan de la duración propia de un evento deportivo puntual, tales como campus deportivos, campamentos de verano, ligas u otros que puedan tener la consideración de programas deportivos.

Base 1ª-3-e) Actividades de carácter formativo o divulgativo. Club Deportivo Velle; G32147761; Campus de fútbol CD Velle (2ª edición)

2º) Aceptar la renuncia a la solicitud de subvención presentada por el Club Natación Pavillón Ourense, para el evento Winnerman 2017.

3º) La concesión, conforme a la valoración efectuada, de las subvenciones, por los importes que se indican, a las siguientes solicitudes:

Entidad solicitante; CIF; Actividades; Subvención  
Pulpo Extreme Club Deportivo; G32475121; Deportivo Pulpo Extreme II edición; 4.610,48 €

Club Deportivo Open; G32321325; OHF 2017; 1.750,00 €  
CDC Santa Teresita; G32227043; II Torneo Internacional f7 e fase previa; 2.596,54 €

Club Ciclista ADC Os Mosqueteiros; G32477804; VII Ruta CC Os Mosqueteiros, Bike Trail; 1.710,00 €

Club Ximnasia Escola Pavillón; G32346751; XI Torneo Nadal de Ximnasia 2017; 1.500,00 €

Pádel Prix; G32451650; III Torneo BMW-Autogal Padelprix; 1.599,90 €

Sociedade Dep.Cultural Arrabaldo; G32278541; IX Torneo "Manolo Arnoia"; 1.019,26 €

Pabellón Ourense Club de Fútbol; G32300790; XXV Torneo Nadal Prebenxamín Fútbol 8; 473,00 €

Pabellón Ourense Club de Fútbol; G32300790; XXV Torneo Nadal Benxamín Fútbol 8; 473,00 €

Centro de Tiro Olímpico Eiroás; G32019077; Gran Trofeo Tiro Prato Ourense Prov.Termal; 612,00 €

Black kick Competición; G32351058; 4º Trof.Kickboxing "Ourense Cidade Termal"; 576,00 €

Federación Galega de Bolos; V36650133; Torneo Provincial de Ourense; 476,00 €

AVV "San Xosé" de Vista Hermosa; G32133035; Andaina Solidaria (A favor de AODEM); 314,56 €

AVV "San Xosé" de Vista Hermosa; G32133035; Duatlón Vistahermosa; 220,00 €

Asociación Xuvenil Amencer; G32025405; IV Andaina Solidaria Campamento Urbano; 220,00 €

Total; 18.150,74 €

Contra este acuerdo, puede interponerse, potestativamente, recurso de reposición ante la Junta de Gobierno de esta Diputación, en el plazo de 1 mes, como trámite previo al contencioso-administrativo, o bien directamente recurso contencioso-administrativo, ante el Juzgado Provincial de lo Contencioso-Administrativo, en el plazo de 2 meses, sin que se puedan simultanear ambos recursos. Los plazos indicados se computarán a partir del día siguiente al de la publicación de este acuerdo en el BOP.

No obstante lo anterior, podrá interponerse cualquier otro recurso que se estime pertinente.

Ourense, 22 de setiembre de 2017. El presidente.

R. 2.911

## Deputación Provincial de Ourense

Anuncio formalización de contrato

1. Entidade adxudicadora: Deputación Provincial de Ourense.
  - a) Organismo: Deputación Provincial de Ourense.
  - b) Dependencia que tramita o expediente: Sección de Contratación.
  - c) Número de expediente: 66/2016.
  - d) Enderezo de internet do perfil do contratante: www.depourense.es
2. Obxecto do contrato
  - a) Tipo: subministración.
  - b) Descrición do contrato: procedemento aberto para a contratación da subministración de ligante C65B2 con destino ás brigadas da Excm. Deputación Provincial de Ourense durante o ano 2017 na zona oeste da provincia.
  - c) Lote: non.
  - d) CPV (referencia nomenclatura): 44113610-4
  - e) Acordo marco (se procede): non.
  - f) Sistema dinámico de adquisicións públicas (se procede): non.
  - g) Medio de publicación do anuncio de licitación: perfil do contratante/BOP/DOG
  - h) Data de publicación do anuncio de licitación: perfil do contratante: 03/01/2017; BOP: 10/01/2017; DOG: 14/01/2017.
3. Tramitación e procedemento
  - a) Tramitación: ordinaria.
  - b) Procedemento: aberto.
4. Valor estimado do contrato: 74.380,17 €
5. Formalización do contrato
  - a) Data de adxudicación: 19 de setembro de 2017.
  - b) Data de formalización do contrato: 20 de setembro de 2017.
- c) Contratista: Repsol Lubricantes y Especialidades, SA.
- d) Importe ou canon de adxudicación:
 

Prezo unitario en planta sobre camión (IVE excluído): 220,10 €.  
Distancia desde a planta ao centro de traballo (km): 98,80 km.  
Prezo TN/km do transporte (IVE excluído): 0,08.  
Prezo da subministración en centro de traballo da Deputación (IVE excluído): 228 €.
- e) Vantaxes da oferta adxudicataria: o ser os licitadores que formularon o prezo máis vantaxoso e cumprindo na súa integridade as prescricións técnicas contidas no prego.  
Ourense, 21 de setembro de 2017. O presidente.  
Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.



### Diputación Provincial de Ourense

1. Entidad adjudicadora: *Diputación Provincial de Ourense.*
  - a) Organismo: *Diputación Provincial de Ourense.*
  - b) Dependencia que tramita o expediente: *Sección de Contratación.*
  - c) Número de expediente: *66/2016.*
  - d) Dirección de internet del perfil del contratante: *www.depourense.es*
2. Objeto do contrato.
  - a) Tipo: *suministros.*
  - b) Descripción del contrato: *procedimiento abierto para la contratación del suministro de ligante C65B2 con destino a las brigadas de la Excm. Diputación Provincial de Ourense durante el año 2017 en la zona oeste de la provincia.*
  - c) Lote: *sí.*
  - d) CPV (referencia nomenclatura): *44113610-4*
  - e) Acuerdo marco (se procede): *no.*
  - f) Sistema dinámico de adquisiciones públicas (se procede): *no.*
  - g) Medio de publicación do anuncio de licitación: *perfil del contratante/BOP/DOG*
  - h) Fecha de publicación del anuncio de licitación: *perfil del contratante: 03/01/2017; BOP: 10/01/2017; DOG: 14/01/2017.*
3. Tramitación y procedimiento
  - a) Tramitación: *ordinaria.*
  - b) Procedimiento: *abierto.*
4. Valor estimado del contrato: *74.380,17 €.*
5. Formalización del contrato
  - a) Fecha de adjudicación: *19 de septiembre de 2017.*
  - b) Fecha de formalización do contrato: *20 de septiembre de 2017.*
  - c) Contratista: *Repsol Lubricantes y Especialidades, SA.*
  - d) Importe o canon de adjudicación:
 

*Precio unitario en planta sobre camión (IVA excluido): 220,10 €.*  
*Distancia desde la planta al centro de trabajo (km): 98,80 km.*  
*Precio TN/km de transporte (IVA excluido): 0,08.*  
*Precio del suministro en centro de trabajo de la Diputación (IVA excluido): 228 €.*
  - e) Ventajas da oferta adjudicataria: *el ser los licitadores que formularon el precio más ventajoso y cumpliendo en su integridad las prescripciones técnicas contenidas en el pliego.*  
*Ourense, 21 de septiembre de 2017. El presidente.*  
*Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.*

**R. 2.909**

### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria Xefatura Territorial Ourense

Resolución do 11 de setembro de 2017 da Xefatura Territorial de Ourense, pola que se somete a información pública a petición de autorizacións administrativas previa e de construción da instalación eléctrica no concello de Ourense (n.º expediente: IN407A 2017/24-3).

Para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a infor-

mación pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, SA.*  
 Enderezo social: *A Batundeira, 2, 32960 Velle.*  
 Denominación: *LMTS Cambio de Sección VLL815.*  
 Situación: *Ourense.*

Descricións técnicas:

*LMT subterránea a 20 kV de 3235 m, con condutor RHZ1 20L 12/20 Kv 1 x 240 mm2 AL con orixe na cela de liña existente na subestación de Velle e remate na cela de liña do centro de repartimento Torre.*

*Orzamento: 723.883,15 euros.*

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Xefatura Territorial, Curros Enríquez, 1-4º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

*Ourense, 11 de setembro de 2017. O xefe territorial.*  
*Asdo.: Santiago Álvarez González.*

#### Consellería de Economía, Empleo e Industria Jefatura Territorial Ourense

*Resolución de 11 de septiembre de 2017 de la Jefatura Territorial de Ourense, por la que somete a información pública la petición de autorizaciones administrativas previa y de construcción de una instalación eléctrica en el ayuntamiento de Ourense (n.º expediente: IN407A 2017/24-3).*

*A los efectos previstos en la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, y en el artículo 125 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica, se somete a información pública la petición de autorización de la instalación eléctrica que se describe:*

*Solicitante: Unión Fenosa Distribución, SA.*  
*Domicilio social: A Batundeira, 2, 32960 Velle.*  
*Título: LMTS Cambio de Sección VLL815.*  
*Situación: Ourense.*

*Características técnicas:*

*LMT subterránea a 20 kV de 3235 m, con condutor RHZ1 20L 12/20 Kv 1 x 240 mm2 AL con origen en la celda de línea existente en la Subestación de Velle y final en la celda de línea del centro de reparto Torre.*

*Presupuesto: 723.883,15 euros.*

*Todas aquellas personas o entidades que se consideren afectadas podrán presentar sus alegaciones en esta Jefatura Territorial, Curros Enríquez, 1-4º, en el plazo de veinte días. Asimismo, y durante el mencionado plazo, también se podrá examinar el proyecto de la instalación.*

*Ourense, 11 de septiembre de 2017. El jefe territorial.*  
*Fdo.: Santiago Álvarez González.*

**R. 2.813**

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria Xefatura Territorial Ourense

Resolución do 11 de setembro de 2017 da Xefatura Territorial de Ourense, pola que se somete a información pública a petición de autorizacións administrativas previa e de construción

da instalación eléctrica no concello da Veiga (n.º expediente: IN407A 2017/22-3).

Para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, SA.  
Enderezo social: A Batundeira, 2, 32960 Velle  
Denominación: adecuación CT San Fiz.  
Situación: A Veiga.  
Descricións técnicas:

Substitución do pórtico actual do CT San Fiz (32AM89) por un novo poste de formigón tipo HVH-11/1600, neste poste proxectado sitúase o CT de 25 kVA existente (expediente 2016/55) aproveitando tamén o interruptor tetrapolar e o armario para a telexestión que está no mesmo CT.

Orzamento: 11.787, euros.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, Curros Enríquez, 1-4º, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Ourense, 11 de setembro de 2017. O xefe territorial.

Asdo.: Santiago Álvarez González.

### **Consellería de Economía, Empleo e Industria** **Jefatura Territorial** **Ourense**

*Resolución de 11 de septiembre de 2017 de la Jefatura Territorial de Ourense, por la que somete a información pública la petición de autorizaciones administrativas previa y de construcción de una instalación eléctrica en el ayuntamiento de A Veiga (n.º expediente: IN407A 2017/22-3).*

*A los efectos previstos en la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, y en el artículo 125 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica, se somete a información pública la petición de autorización de la instalación eléctrica que se describe:*

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, SA.  
Domicilio social: A Batundeira, 2 32960 Velle.  
Título: adecuación CT San Fiz.  
Situación: A Veiga.  
Características técnicas:

*Sustitución del pórtico actual del CT San Fiz (32AM89) por un nuevo poste de hormigón tipo HVH-11/1600, en este poste proyectado se sitúa el CT de 25 kVA existente (expediente 2016/55) aprovechando también el interruptor tetrapolar y el armario para la telegestión que está en el mismo CT.*

*Presupuesto: 11.787, euros.*

*Todas aquellas personas o entidades que se consideren afectadas podrán presentar sus alegaciones en esta Jefatura Territorial, Curros Enríquez, 1-4º, en el plazo de veinte días. Asimismo, y durante el mencionado plazo, también se podrá examinar el proyecto de la instalación.*

*Ourense, 11 de septiembre de 2017. El jefe territorial.*

*Fdo.: Santiago Álvarez González.*

**R. 2.811**

## **IV. ENTIDADES LOCAIS** **IV. ENTIDADES LOCALES**

### **Cortegada**

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e unha vez que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público a conta xeral do Concello de Cortegada correspondente ao exercicio orzamentario do ano 2016, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Cortegada, 5 de outubro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Avelino Luis de Francisco Martínez.

Anuncio

*En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 212 del Real Decreto Legislativo 2/2004, del 5 marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de La Ley Reguladora de las Haciendas Locales y una vez que fue dictaminada favorablemente por la Comisión Especial de Cuentas, se exponen al público la Cuenta General del Ayuntamiento de Cortegada correspondiente al ejercicio presupuestario del año 2016, por un plazo de quince días y ocho más, durante los cuáles quienes se estimen interesados podrán presentar reclamaciones, reparos u observaciones que tengan por convenientes.*

*Cortegada, 5 de octubre de 2017. El alcalde.*

*Asdo.: Avelino Luis de Francisco Martínez.*

**R. 3.067**

### **Laza**

Edicto

O Pleno, na súa sesión do día 4 de outubro de 2017 acordou: Primeiro.- Aprobar o documento presentado pola Alcaldía denominado: "Plan de acción municipal ante o risco de incendios forestais, do Concello de Laza", con data de novembro do 2016, do que son autores José Benito Meire Feijóo, enxeñeiro de montes, colexiado n.º 5026; e Miguel Lorente Marín, enxeñeiro de montes, colexiado n.º 2356, nos termos nos que se atopa redactado.

Segundo.- Expoñelo ao público polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción dun edicto no BOP de Ourense, para os efectos de alegacións ou reclamacións polos posibles interesados.

Terceiro.- Simultaneamente, proceder á súa publicación para o xeral coñecemento mediante a súa inserción íntegra na web do Concello de Laza.

Publicase isto mediante a inserción deste edicto no BOP Laza, 5 de outubro de 2017. O alcalde.

Asdo.: José Ramón Barreal Novo.

Edicto

*El Pleno, en la sesión del día 4 de octubre de 2017 acordó: Primero.- Aprobar el documento presentado por la Alcaldía denominado: "Plan de acción municipal ante el riesgo de incendios forestales, del Ayuntamiento de Laza", de fecha noviembre del 2016, del que son autores José Benito Meire Feijóo, ingeniero de montes, colegiado n.º 5026; y Miguel Lorente*



*Marín, ingeniero de montes, colegiado n.º 2356, en los términos en los que se encuentra redactado.*

*Segundo.- Exponerlo al público por el plazo de quince días hábiles, mediante la inserción de un edicto en el BOP de Ourense, para los efectos de alegaciones o reclamaciones por los posibles interesados.*

*Tercero.- Simultáneamente, proceder a su publicación para el general conocimiento mediante su inserción íntegra en la web del Ayuntamiento de Laza.*

*Lo que se hace público mediante la inserción de este edicto en el BOP*

*Laza, 5 de octubre de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: José Ramón Barreal Novo.*

**R. 3.058**

## Leiro

Ao non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio dos regulamentos municipais de acceso e de réxime interno do Centro de Día de Maiores de Leiro, cuxo texto íntegro se publica, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

“4.- Expediente de establecemento de servizo público local do servizo de atención a terceira idade, centro de día de maiores. Aprobación de regulamentos e anteproxecto de explotación. Adopción dos oportunos acordos.

Deseguido o alcalde dá conta do expediente que se está a tramitar para o establecemento do servizo de centro de día de maiores de Leiro. Manifesta que o expediente tramitado se enviou íntegro a todos os concelleiros para o seu estudo. Que recibido con data 3 de xullo escrito da Deputación Provincial de Ourense remitindo o Regulamento de acceso, o Regulamento de réxime interno e o anteproxecto de explotación do servizo, tráense estes documentos ao Pleno para o seu debate e adopción do oportuno acordo, co fin de continuar coa tramitación do expediente, para que esta instalación estea en funcionamento á maior brevidade.

Unha vez aberto o debate don Luis Pérez Estévez, do BNG, manifesta que a realización do Pleno lle parece ben, aínda que a hora non tan ben. Manifesta que el quere que o centro de día abra e funcione. Que lle parecen altos os prezos. Anuncia que se absterá por coherencia política.

Contesta o alcalde que oxalá veña unha empresa que baixe os prezos. Que son moito máis baixos que os vixentes noutros sitios, xa que se analizaron moitos. Que aínda así eses prezos a que fai referencia son para persoas que estean a xornada completa, fagan as tres comidas e usen o desprazamento.

Don Pedro Fernández Ríos, de A.I.L. manifesta que está de acordo.

Unha vez finalizado o debate, tras breve deliberación, por seis votos a favor (grupo PP e don Pedro Fernández Ríos) e unha abstención (grupo BNG), acórdase:

Primeiro. Ratificar acordo adoptado polo Pleno en sesión realizada o día 24 de abril do corrente ano no sentido de aprobar, de acordo cos informes favorables da Consellería de Facenda, sobre a sustentabilidade financeira do exercicio da competencia, e da Dirección Xeral de Administración Local, sinalando a inexistencia de duplicidades, a ampliación do exercicio da competencia de servizos sociais, a través da prestación do servizo de atención a terceira idade, coa realización de novas actividades prestacionais mediante a explotación

do Centro de Día de Maiores de Leiro e considerar como forma de xestión do servizo público a xestión indirecta, mediante concesión.

Segundo. Aprobar a memoria xustificativa da prestación do servizo de atención á terceira idade, coa realización de novas actividades prestacionais mediante a explotación do Centro de Día de Maiores de Leiro, xunto cos proxectos de regulamentos de acceso e de réxime interno do citado centro e o anteproxecto de explotación do servizo.”

Terceiro. Someter a memoria, os proxectos de regulamentos, anteproxecto de explotación e demais documentación complementaria que consta no expediente a información pública por un prazo de trinta días naturais, anunciándose no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de edictos deste concello, para o efecto de que polos particulares e entidades, poidan formular as observacións que estimen pertinentes. No suposto de non presentarse ningunha observación ou reclamación, os citados documentos quedarán definitivamente aprobados.

Regulamento de acceso ao Centro de Día de Maiores de Leiro

Os centros de día están considerados un dos recursos sociais máis útiles para seguir mantendo a autonomía das persoas e axudar ás contornas familiares ou coidadores sen afastalos do seu medio de referencia.

Son centros que ofrecen, en xornada diúrna, atención integral e individualizada ás persoas usuarias, a miúdo persoas que presentan algún grao de dependencia, sexa de carácter físico ou psicosocial.

Os centros de día dan resposta a unha pluralidade de necesidades, que varían segundo a persoa usuaria: combaten a soidade na que unha persoa pode desenvolver a súa xornada diaria cando por motivos laborais ou outros, as súas contornas familiares e/ou coidadores están gran parte da xornada ausentes; manteñen ás persoas activas, xa que nestes centros trabállase a motricidade, a capacidade cognitiva e a psicoestimulación; achegan un ambiente seguro e afable para pasar a xornada diúrna etc. E todo iso sen que implique unha renuncia, nin para a persoa usuaria, nin para as súas contornas familiares e/ou coidadores, de seguir vivindo no seu fogar.

As políticas sociais, tanto da Comunidade Autónoma de Galicia como da propia Administración xeral, viñeron desenvolvendo, de forma crecente, servizos de carácter social que favorecen a idea do envellecemento no propio domicilio, comezando polos propio servizos de atención no fogar para ir incrementando novos recursos sociais a medida que a poboación aumenta en idade e en necesidades de atención especializada á vez que as estruturas tradicionais varían e iso sen obviar a propia opinión de especialistas sanitarios sobre como é preciso tratar e coidar a persoas en situacións de dependencia.

Todo iso implica que, nos últimos anos, a existencia e a necesidade de contar cun centro de día sexa unha demanda en auge, é por iso que o Concello de Leiro establece o servizo público de centro de día, que baixo a titularidade do concello e coa xestión directa ou indirecta que se estableza prestará a atención especializada a todas aquelas persoas que en cada momento sexan persoas usuarias do mesmo.

Artigo 1. Obxecto

O obxectivo deste regulamento é establecer o sistema de acceso ás prazas do centro de día de maiores de Leiro.

Para os efectos deste Regulamento de acceso, o centro de día enténdese como un centro xerontolóxico terapéutico e de apoio á familia e/ou contorna coidadora da persoa que presente algún tipo de dependencia de carácter persoal e/ou psicosocial.

## Artigo 2. Modalidades de estancia

O centro de día terá:

- Estancias continuadas. Enténdese estancia continuada a permanencia diaria no centro durante, como mínimo 6 horas ao día, dentro do horario máximo de apertura do centro de día.
- Estancias parciais. Enténdese como en estancia a tempo parcial aquelas persoas usuarias que contraten unha estancia de menos de 6 horas/día.

## Artigo 3. Persoas usuarias do centro de día.

Poderán ser persoas usuarias do centro de día as persoas que presenten deterioración na súa autonomía para a realización das actividades da vida diaria con menoscabo das súas facultades cognitivas.

## Artigo 4. Requisitos das persoas solicitantes

- Ser maior de 60 anos.
- Ser menor de 60 anos e ter unha discapacidade acreditada igual ou superior ao 33%.
- Non padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa, ou enfermidade clínica que requira atención imprescindible nun centro hospitalario.
- Non padecer trastornos mentais severos que poidan alterar a convivencia no centro

## Artigo 5. Solicitudes e documentación

As solicitudes para o acceso ás prazas dirixíranse directamente ao centro de día achegando a seguinte documentación:

- Formulario completo, onde consten datos de identificación da persoa solicitante e, no seu caso, de quen actúa en calidade de representante ou gardador, sexa de feito ou de dereito. O formulario estará a disposición das persoas interesadas no propio centro de día.
- Informe médico actualizado emitido polo sistema público de saúde ou o que corresponda naqueles casos en que a persoa usuaria pertenza a algunha das mutualidades o estado ou ben a algunha das mutualidades alternativas á seguridade social.
- Copia do DNI da persoa solicitante e, no seu caso, de quen actúe como persoa representante ou gardadora, de feito, ou de dereito.
- Copia do cartón sanitario da persoa solicitante de praza.
- Certificado de convivencia, emitido polo concello onde se atope empadroada a persoa solicitante.
- 2 fotografías actualizadas, tamaño carné, da persoa solicitante de praza.

## Artigo 6. Dereitos e obrigas das persoas usuarias do centro de día

### 1.- Dereitos das persoas usuarias

Todas as persoas usuarias do centro de día, sen prexuízo dos recoñecidos no ordenamento xurídico, terán os seguintes dereitos:

- a. A utilizar as instalacións e o material do centro de día de acordo coas normas establecidas para iso e sen que o seu uso implique risco algún para a súa integridade física.
- b. A participar nas actividades programadas polo centro de día sempre que iso non prexudique á persoa usuaria, a terceiros ou entorpeza e impida o funcionamento dun ou varios servizos.
- c. A recibir información sobre os aspectos organizativos e de funcionamento do centro.
- d. A ter un expediente e un programa de intervención individual definido.
- e. Á máxima intimidade persoal e á protección da propia imaxe, ao segredo profesional da súa historia sanitaria e social e á protección dos seus datos persoais.
- f. A presentar reclamacións, queixas e suxestións.

g. A acceder á información contida no seu expediente persoal, a coñecer o prezo dos servizos que recibe e a recibir canta información solicite en calidade de persoa usuaria.

### 2.- Obrigas das persoas usuarias

A persoa usuaria dos servizos do centro ten as obrigas seguintes:

- Respetar a dignidade e as funcións que realiza o persoal de atención directa e de apoio ao centro, do resto das persoas usuarias e de quen actúa na súa representación.
- Respetar as normas establecidas polo centro en canto a horarios, comportamento e normas elementais de convivencia.
- Asistir ás actividades previstas polo centro de día de forma puntual e coa asiduidade que lle permitan as circunstancias particulares.
- Coñecer, asinar e cumprir o regulamento de réxime interno e, no seu caso, normas de funcionamento e disciplina existentes no centro.
- Facilitar a información necesaria, sexa de forma directa ou ben, a través de quen actúe na súa representación, para manter actualizada a súa valoración e, poder, no seu caso, adaptar ou readaptar o seu programa individual de atención.

## Artigo 7. Dereitos e obrigas das persoas que actúen en representación dos usuarios/as

1.- Dereitos das persoas que actúen en calidade de persoas gardadoras e/ou representantes.

- A recibir información sobre a organización e funcionamento do centro de día.
- A recibir información puntual sobre calquera asunto persoal, sanitario, social ou de calquera outra índole referido á persoa usuaria coa que se atope vinculada de feito ou de dereito.
- A recibir atención no centro de día, dentro do horario e días previstos, no seu caso, con cita previa, co fin de recibir información e as explicacións que entenda como oportunas e que afecten ou se refiran á estancia da persoa usuaria no centro e todo o que iso leve.
- A realizar as reclamacións oportunas cando se produza, ao seu xuízo, calquera incumprimento por parte do centro de día.
- A recibir copia do Regulamento de réxime interno.

### 2.- Obrigas de quen actúa en representación das persoas usuarias.

- Facilitar canta información legal, persoal, médica ou de calquera outro tipo lle sexa solicitada pola dirección do centro de día.
- Asinar, en nome da persoa usuaria, no caso de que ostente a representación legal, ou de forma conxunta coa persoa usuaria (nos casos en que a dita persoa precise de gardador/a de feito), o contrato de prestación de servizo, e o coñecemento e cumprimento do Regulamento de réxime interno do centro.
- Respetar as normas establecidas en canto ao horario do centro e as contratadas de forma concreta para a persoa á que representa.
- Asinar cantas autorizacións e conformidades sexan indispensables no día a día da atención á persoa á que representen.
- Achegar a documentación necesaria para ter permanentemente actualizado o expediente individual da persoa usuaria á que representa, e sempre e en todo caso, aquela que se refire á saúde mental e/ou padecemento de calquera outra enfermidade que poida afectar a terceiros.
- Facilitar as medicacións e instrucións específicas de carácter asistencial ou médica ao centro, co fin de que poidan ser incorporadas ao seu programa individual.
- Aboar as cantidades establecidas e derivadas da asistencia e servizos do centro de día e que figuran no seu contrato de



asistencia, de forma puntual e sempre dentro dos cinco primeiros días de cada mes.

- Observar unha conduta baseada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración activa para facilitar a mellor convivencia posible.

Disposición final única.- Este regulamento será obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estará en vigor logo de que transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 la Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Regulamento de réxime interno do centro de día de maiores de Leiro

Título I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Titularidade.

Artigo 3. Autorizacións e localización do centro de día.

Artigo 4. Natureza.

Artigo 5. Capacidade.

Artigo 6. Ámbito de Aplicación.

Título II. Organización interna do centro de día.

Artigo 7. Servizos.

Artigo 8. Horario e calendario.

Artigo 9. Normas de convivencia.

Artigo 10. Réxime de visitas e de entradas e saídas.

Artigo 11. Persoal ao servizo do centro.

Título III. Relación entre o centro de día e as persoas usuarias e/ou a súa representación.

Artigo 12. Réxime de acceso ao centro.

Artigo 13. Contrato de prestación de servizos.

Artigo 14. Período de observación e valoración.

Artigo 15. Prezos e sistema de pagos.

Título IV. Persoas usuarias

Artigo 16. Rexistro das persoas usuarias.

Artigo 17. Expediente individual.

Artigo 18. Dereitos e obrigacións das persoas usuarias.

Artigo 19. Dereitos e obrigas de quen actúa en nome e/ou representación das persoas usuarias.

Artigo 20. Causas de baixa e resolución do contrato.

Título V. Réxime de disciplina funcional do centro.

Artigo 21. Reclamacións, queixas e suxestións.

Artigo 22. Infraccións.

Artigo 23. Sancións.

Artigo 24. Facultade sancionadora.

Artigo 25. Procedemento sancionador para infraccións graves e moi graves.

Disposición adicional 1ª. Protección de datos.

Disposición adicional 2ª. Normativa complementaria e/ou supletoria

Disposición final única.- Publicación e entrada en vigor.

Os centros de día están considerados un dos recursos sociais máis útiles para seguir mantendo a autonomía das persoas -e axudar ás contornas familiares ou cuidadores-, sen afastalos das súas contornas de referencia.

Son centros que ofrecen, en xornada diúrna, atención integral e individualizada ás persoas usuarias, a miúdo persoas que presentan algún grao de dependencia, sexa de carácter físico ou psicosocial.

As políticas sociais tanto, da Comunidade Autónoma de Galicia como da propia Administración xeral, viñeron desenvolvendo, de forma crecente, servizos de carácter social que favorecen a idea do envellecemento no propio domicilio, comezando polos propio servizos de atención no fogar para ir incrementando novos recursos sociais a medida que a poboación aumen-

tou en idade e en necesidades de atención especializada e, ao tempo, as estruturas tradicionais foron variando.

Todo iso implica que, nos últimos anos, a existencia e a necesidade de contar cun centro de día sexa unha demanda en auxe, é por iso que, o Concello de Leiro establece o servizo de centro de día, que baixo a titularidade do concello e coa xestión directa ou indirecta que se estableza, prestará a atención especializada a todas aquelas persoas que en cada momento sexan usuarias deste.

Título I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O obxecto deste regulamento é organizar o funcionamento do centro de día de maiores de Leiro, garantir a adecuada prestación de servizos e a calidade destes e recoñecer e asegurar os dereitos e obrigas das persoas usuarias e de quen actúa na súa representación.

Artigo 2. Titularidade

O Centro de Día de Maiores de Leiro é de titularidade municipal e, por iso ao concello correspóndelle velar para garantir a observancia das normas establecidas neste regulamento, así como supervisar os servizos do centro e, no seu caso, adoptar as medidas necesarias para asegurar o seu bo funcionamento, de forma que se adapte ás necesidades da persoas usuarias e ás normas que, en cada momento sexan de aplicación; iso sen menoscabo da xestión que se realice por parte da entidade que resulte adxudicataria da xestión indirecta do centro como consecuencia do concurso público que realice o concello.

Artigo 3. Autorizacións e localización do centro de día

O Centro de Día de Maiores de Leiro é un servizo que se prestará no inmovible situado na estrada de Osebe, s/n, dependente do concello de Leiro, entidade inscrita no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia e identificada co número: E0795 con dirección postal en rúa Gabino Bugallal, n.º 39, 32420, Leiro, Ourense e enderezo electrónico info@concellodeleiro.com.

Artigo 4. Natureza

O Centro de Día de Maiores de Leiro é un servizo social de carácter preventivo e de promoción persoal dirixido a persoas con déficits na súa autonomía persoal, co fin de poder paliar estes déficits e axudar a familiares e persoas cuidadoras sen que implique afastar á persoa usuaria das súas contornas de referencia.

Ofrece, en xornada diúrna, atención integral e individualizada ás persoas usuarias co fin de dar resposta á pluralidade de necesidades que podan presentar as persoas usuarias.

Artigo 5. Capacidade

A capacidade máxima autorizada do centro é de 50 prazas.

Artigo 6. Ámbito de aplicación.

Este regulamento ten carácter obrigatorio para todas as persoas usuarias do centro e para quen actúe na súa representación, sexa esta legal ou de feito; para as persoas que prestan servizos no devandito centro e, no seu caso, para o voluntariado que opere no centro. De igual forma, a observancia do Regulamento é obriga para acompañantes ou visitantes en todo aquilo que lles afecte.

Título II. Organización interna do centro de día

Artigo 7. Servizos

Os servizos que prestará o centro de día son:

- Servizos básicos. Entenderase como básicos aqueles que se inclúen directamente na tipoloxía de praza contratada por, ou en nome, da persoa usuaria e que se prestarán de forma continua durante o tempo que dure a relación contractual entre a persoa usuaria ou quen a represente e o centro. Son indisociables da praza que ocupa cada usuario.



- Servizos complementarios. Entenderase por servizos complementarios aqueles que se ofrecen, con carácter opcional, ás persoas usuarias e que estas, ou quen os represente, poderán contratar nos termos previstos para iso.

Modalidade: estancia continuada. Todas as persoas usuarias na modalidade de estancia continuada recibirán os seguintes servizos básicos:

- Servizo de valoración, seguimento e avaliación. O equipo multidisciplinar do centro realizará para cada persoa un “Plan de atención individual-PAI”, neste plan constará unha valoración integral, detección de necesidades e potencialidades, formulación de obxectivos concretos con concreción de programas e/ou actividades para alcanzar os devanditos obxectivos e temporización destes, e un sistema de avaliación periódica para valorar a consecución dos devanditos obxectivos. Para a elaboración do PAI terase en conta a participación directa e activa da persoa usuaria e de quen actúa na súa representación.

- Servizo de apoio para as actividades básicas da vida diaria. Comprende a asistencia e realización das actividades básicas e instrumentais que a persoa usuaria non poida realizar de forma autónoma (alimentación, hixiene persoal, control e administración da medicación etc., así como do coidado e limpeza dos instrumentos de carácter técnicos cuxo uso por parte dos/as usuarios/as sexa preciso (cadeiras de rodas, próteses, etc.).

- o Naqueles casos en que para a hixiene persoal sexa preciso o uso de produtos específicos e/ou marcas concretas será a persoa usuaria e/ou a súa representación a responsable de poñer a disposición do centro tales produtos.

- o Naqueles casos que sexa preciso o uso de material para a incontinencia será facilitado pola persoa usuarias e/ou a súa representación.

- o As próteses, órtesis, cadeiras de rodas e/ou axudas técnicas serán responsabilidade das persoas usuarias e/ou a súa representación.

- Servizo de lavandería e xestión de roupa. O centro responsabilízase do lavado, secado e pasado a ferro da peza de vestir das persoas usuarias na medida e frecuencia que iso sexa necesario, así como da lencería do centro posta a disposición das persoas usuarias. As persoas usuarias asistirán ao centro vestidos e calzados con roupa debidamente identificada co fin de facilitar a xestión deste servizo.

- Atención sanitaria preventiva. O servizo de atención sanitaria preventiva comprende as actuacións de promoción da saúde, dirixidas ao mantemento, adquisición, mantemento e mellora dos hábitos de vida saudable. Igualmente, o seguimento dos tratamentos médicos prescritos, control dos parámetros vitais en coordinación co sistema sanitario público e administración de medicación segundo prescrición médica.

- Rehabilitación menor.

- Terapia ocupacional.

- Animación sociocultural.

- Servizo de manutención e dietas. Neste servizo inclúense: almorzo, comida e merenda. Naqueles casos en que sexa preciso seguir unha dieta específica, a persoa usuaria ou a súa representación comunicarán debidamente e coa antelación suficiente á dirección do centro as condicións e características que debe respectar a dita dieta.

Modalidade: estancia parcial. As persoas usuarias na modalidade de horario parcial recibirán como servizos básicos, incluídos dentro do prezo, todos os anteriores, fóra de:

- Servizo de lavandería

- Servizo de manutención e dietas.

Terán carácter opcional e, por iso, poderán contratarse como complementarios os servizos seguintes:

- Transporte. É servizo de transporte inclúe, segundo as condicións concretada no contrato de prestación de servizos, o desprazamento da persoa usuaria nun vehículo adaptado ás súas características e o do acompañante/asistente que sexa preciso en cada situación. Poderá incluírse neste servizo complementario:

